

A mestra Casilda



Casilda estaba encantada cos seus alumnos. Sabían ir sós ao servizo e tirar da cadea; pintaban, xogaban, facían crebacabezas e axudábanlle á profe a recoller a clase.

Como Casilda lles contaba moitos contos, os rapaces portábanse de marabilla e enchíana de bicos, cuns pouquiños de mocos, todo hai que dicilo, pero a profe lavaba a cara e volvía a relucir coma unha rosa.



LECTURA COMPRENSIVA:

1- De que curso, máis ou menos, cres que é a profesora Casilda?

2- Como o sabes?

3- Por que os alumnos se portaban de marabilla?

4- Por que a profe lavaba a cara?

5- Con quen estaba encantada Casilda?

